

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

18410 REAL DECRETO 1663/2008, do 17 de outubro, polo que se aproba o Plan Estatístico Nacional 2009-2012. («BOE» 276, do 15-11-2008.)

A Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública, establece no seu artigo 8 que o plan estatístico nacional é o principal instrumento ordenador da actividade estatística da Administración xeral do Estado e terá unha vixencia de catro anos. Pola súa parte, no artigo 8, determina que para os efectos do previsto no artigo 149.1.31 da Constitución terán consideración de estatísticas para fins estatais todas as estatísticas incluídas no plan estatístico nacional.

Polo Real decreto 1911/2004, do 17 de setembro, aprobouse o cuarto Plan Estatístico Nacional correspondente ao cuatrienio 2005-2008, que se desenvolveu nos respectivos programas anuais mediante o Real decreto 2318/2004, do 17 de decembro, o Real decreto 1508/2005, do 16 de decembro, o Real decreto 1575/2006, do 22 de decembro e o Real decreto 1756/2007, do 28 de decembro. Próxima a finalizar a vixencia do Plan Estatístico Nacional 2005-2008, procede que se aprobe o novo plan, que figura nos anexos deste real decreto, e cuxa execución temporal se realizará a través da elaboración dos correspondentes programas anuais.

O Plan Estatístico Nacional 2009-2012 comprende o conxunto de estatísticas que van realizar no cuatrienio os servizos estatísticos da Administración xeral do Estado ou calquera outra entidade dependente dela. As estatísticas do plan preséntanse clasificadas en vinte e cinco sectores ou temas, atendendo á materia tratada. Ademais, no Plan Estatístico Nacional 2009-2012 infórmase sobre as liñas estratéxicas que van rexer a produción estatística para fins estatais nese cuatrienio, desagregadas en actuacións estratéxicas específicas.

A Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública, no seu artigo 8.1b), exige que se detallen os aspectos esenciais de cada operación estatística: organismos que interveñen, fins, descrición xeral, colectivo e ámbito territorial. No Plan Estatístico Nacional 2009-2012 fornécese, ademais, información sobre a desagregación territorial dos resultados e sobre a periodicidade da recolla da información, características complementarias das explicitamente exixidas pola lei que completan a descrición das operacións estatísticas do plan.

No Plan Estatístico Nacional 2009-2012 facilítanse as previsións orzamentarias necesarias para o financiamento de cada unha das operacións estatísticas nel incluídas, en miles de euros. Neste real decreto inclúese tamén o programa de investimentos e o resumo das previsións orzamentarias necesarias para financiar as operacións estatísticas, por departamentos ministeriais.

Ademais, no Plan Estatístico Nacional 2009-2012 fornécese información auxiliar que permite o enlace co Plan Estatístico Nacional 2005-2008.

O Plan Estatístico Nacional 2009-2012 foi ditaminado polo Consello Superior de Estatística, segundo establece o artigo 3.b do Real decreto 1037/1990, do 27 de xullo, que regula a composición, organización e funcionamento do citado consello.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de outubro de 2008,

DISPÓN O:

Artigo 1. *Aprobación do Plan Estatístico Nacional 2009-2012.*

Apróbase o Plan Estatístico Nacional 2009-2012, que se insire a seguir.

Artigo 2. *Contido do Plan Estatístico Nacional 2009-2012.*

1. O Plan Estatístico Nacional é o principal instrumento ordenador da actividade estatística da Administración xeral do Estado.

2. O Plan Estatístico Nacional 2009-2012 contén as estatísticas para fins estatais que deben levar a cabo nese cuatrienio os servizos da Administración xeral do Estado ou calquera outra entidade dependente dela.

Cando a natureza de determinadas estatísticas o requira, os servizos estatísticos poderán acordar a súa realización a través da celebración de acordos, convenios ou contratos con outros organismos da Administración do Estado, das administracións autonómicas ou locais ou con particulares, os cales quedarán obrigados ao cumprimento das normas do segredo estatístico igual que o servizo estatístico responsable.

3. De acordo co artigo 33.a) da Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública, as operacións estatísticas non contidas no plan e realizadas no cuatrienio polos servizos estatísticos da Administración xeral do Estado ou calquera outra entidade dependente dela terán o carácter de estatísticas sectoriais sobre materias de interese para un determinado departamento ministerial.

Artigo 3. *Obrigatoriedade de resposta.*

De conformidade co establecido no artigo 7 da Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública, e co establecido na disposición adicional cuarta da Lei 4/1990, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 1990, modificada pola disposición adicional segunda da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, as estatísticas incluídas no Plan Estatístico Nacional 2009-2012 son de cumprimento obrigatorio, sen prexuízo de que serán de presentación estritamente voluntaria e, en consecuencia, só se poderán recoller co previo consentimento expreso dos interesados os datos susceptibles de revelaren a orixe étnica, as opinións políticas, as conviccións relixiosas ou ideolóxicas e, en xeral, cantas circunstancias poidan afectar a intimidade persoal ou familiar.

Artigo 4. *Contido dos anexos.*

1. No anexo I inclúense as liñas estratéxicas que serviron de base para elaborar o Plan Estatístico Nacional 2009-2012. Nelas especificanse os principios xerais que regulan a produción estatística para fins estatais, os obxectivos estratéxicos que se presentan para o cuatrienio e as actuacións concretas que se propoñen para conseguilos.

2. No anexo II figura a relación de estatísticas do Plan Estatístico Nacional 2009-2012, clasificadas por sector ou tema e por organismo responsable da súa execución.

3. No anexo III facilítanse, para cada unha das estatísticas incluídas no Plan Estatístico Nacional 2009-2012, os seguintes aspectos: fins; organismos que interveñen na súa elaboración; descrición xeral do seu contido; colectivo, con referencia ao ámbito territorial, se é o caso; periodicidade da recolla da información; desagregación territorial e estimación dos créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2009-2012.

Tamén se inclúe neste anexo a definición dos conceptos anteriores.

4. O anexo IV contén o programa de investimentos que se realizará no cuadrienio 2009-2012 para mellorar e renovar os medios de todo tipo precisos para o desenvolvemento da función estatística, financiado con cargo ao capítulo 6 dos orzamentos de gastos do Estado. Tamén se facilita neste anexo un resumo das estimacións dos créditos orzamentarios necesarios para financiar as operacións estatísticas no cuadrienio, por ministerio.

Os compromisos de gastos asumidos polos departamentos ministeriais e os seus organismos estarán en todo caso condicionados polas dispoñibilidades que establece a Lei de orzamentos xerais do Estado.

5. No anexo V fornécese información complementaria para enlazar o Plan Estatístico Nacional 2005-2008 e o Plan Estatístico Nacional 2009-2012. Relaciónanse as estatísticas que se incluíron no Plan Estatístico Nacional 2009-2012 e non figuraban no Plan Estatístico Nacional 2005-2008; as estatísticas que non se incluíron no Plan Estatístico Nacional 2009-2012 aínda que estaban no Plan Estatístico Nacional 2005-2008; e as estatísticas que presentan variacións entre os dous plans.

Artigo 5. *Programas anuais de desenvolvemento do Plan Estatístico Nacional 2009-2012.*

1. Para o desenvolvemento temporal do Plan Estatístico Nacional elaboraranse os correspondentes programas anuais no cuadrienio 2009-2012.

2. En cada programa anual especificaranse, para cada estatística, os traballos concretos que se vaian realizar no ano, as previsións que para efectos da súa realización se deban incorporar aos orzamentos xerais do Estado e o calendario de difusión dos resultados.

Artigo 6. *Actualización do Plan Estatístico Nacional 2009-2012.*

1. Os programas anuais de execución do Plan Estatístico Nacional 2009-2012 incorporarán aquelas operacións estatísticas non incluídas inicialmente neste plan e que deban realizar os servizos da Administración xeral do Estado ou calquera outra entidade dependente dela, xa

sexa por exigencia da normativa comunitaria europea, por cambios na lexislación nacional ou por razóns de urxencia. Estas estatísticas consideraranse automaticamente dadas de alta no Plan Estatístico Nacional 2009-2012.

2. Así mesmo, nos programas anuais indicárase que operacións estatísticas incluídas no Plan Estatístico Nacional 2009-2012 se deixaron de realizar. Estas estatísticas consideraranse automaticamente dadas de baixa no Plan Estatístico Nacional 2009-2012.

Artigo 7. *Seguimento do grao de execución do Plan Estatístico Nacional 2009-2012.*

O Consello Superior de Estatística examinará o grao de execución do Plan Estatístico Nacional 2009-2012 a partir do grao de execución dos sucesivos programas anuais que o desenvolvan, para o cal o INE, con coñecemento da Comisión Interministerial de Estatística, lle transmitirá os oportunos informes de seguimento. Ao finalizar o seu período de vixencia, o INE presentará ao Consello Superior de Estatística unha memoria sobre a execución do Plan Estatístico Nacional 2009-2012, logo do exame da Comisión Interministerial de Estatística.

Disposición transitoria única. *Prórroga da vixencia.*

No suposto de que o día 1 de xaneiro do ano 2013 non tivese entrado en vigor o Plan Estatístico Nacional 2013-2016, considerárase automaticamente prorrogada a vixencia deste plan estatístico nacional, que se deberá adaptar ás dotacións orzamentarias dos correspondentes exercicios.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2009.

Dado en Madrid o 17 de outubro de 2008.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
e ministro de Economía e Facenda,
PEDRO SOLBES MIRA

des deles dependentes, para os efectos do desenvolvemento das súas competencias de carácter técnico e da preservación do segredo estatístico, gozan da capacidade funcional necesaria para garantir a súa neutralidade operativa. Consideráranse competencias de carácter técnico para o INE as que versan sobre metodoloxía estatística, a publicación e difusión de resultados e o deseño dos sistemas de normas sobre conceptos, definicións, unidades estatísticas, clasificacións, nomenclaturas e códigos para a clasificación dos datos e a presentación de resultados. Son competencias de carácter técnico para os servizos estatísticos dos ministerios a formación dos directores necesarios nas estatísticas para fins estatais cuxa execución lles corresponda; a elaboración e execución dos proxectos estatísticos que se lles encomenden no plan estatístico nacional; e a publicación e difusión dos resultados e as características metodolóxicas das estatísticas que realicen. Ademais, establece-se a elaboración do plan estatístico nacional como principal instrumento ordenador da actividade estatística da AXE e cunha vixencia de catro anos, que se desenvolverá mediante programas anuais. Tanto o plan como os programas anuais apróbanse por real decreto. Anualmente infórmanse o Consello Superior de Estatística, mediante unha memoria, do grao de execución do Plan Estatístico Nacional e dos programas anuais.

Existe un *mandato de recolla de datos* destinados á elaboración de estatísticas ao determinar a LFEF que os servizos estatísticos poden solicitar datos de todas as persoas físicas e xurídicas, nacionais e estranxeiras, residentes en España. As estatísticas para cuxa elaboración se exixen datos con carácter obrigatorio establécense por lei. Pola súa vez, cando para a realización de estatísticas sexa precisa a utilización de datos que consten en fontes administrativas, os órganos, autoridades e funcionarios encargados de custodialos prestarán a máis rápida e áxil colaboración aos servizos estatísticos.

No que respecta ao *segredo estatístico* ou protección dos datos relacionados coas unidades estatísticas individuais, que se obteñan directamente con fins estatísticos ou indirectamente a partir de fontes administrativas ou outras, contra toda infracción do dereito á intimidade, a LFEF é clara. Así, establece que serán obxecto de protección e quedarán amparados polo segredo estatístico os datos persoais que obteñan os servizos estatísticos tanto directamente dos informantes como a través de fontes administrativas. Queda prohibida a utilización para finalidades distintas das estatísticas dos datos persoais obtidos directamente dos informantes polos servizos estatísticos. Ademais, a fin de garantir o segredo estatístico, os servizos estatísticos estarán obrigados a adoptar as medidas organizativas e técnicas necesarias para protexer a información.

Para salvaguardar o principio de *imparcialidade e obxectividade* dos servizos estatísticos na elaboración e difusión das estatísticas, a LFEF determina que os resultados das estatísticas para fins estatais os farán públicos os servizos responsables da súa elaboración e deberán ser amplamente difundidos. Igualmente, regula que o persoal dos servizos responsables da elaboración de estatísticas para fins estatais ten obriga de gardar respecto dos seus resultados, parciais ou totais, provisórios ou definitivos, de que coñeza por razón do seu traballo profesional, até se teren feito públicos oficialmente. Por outro lado, establece que a descrición das características metodolóxicas das estatísticas para fins estatais se fagan públicas e estean, en todo caso, ao dispor de quen as solicite.

O principio de *metodoloxía sólida* para a elaboración de estatísticas de calidade está tamén presente. Así, é preciso que na realización de estatísticas para fins estatais se aplique un mesmo sistema normalizado de conceptos, definicións, unidades estatísticas, clasificacións, nomenclaturas e códigos que fagan factible a comparabilidade, a integración e a análise dos datos e os resultados obtidos. Ademais, a LFEF asigna ao INE, entre outras funcións, a proposta de normas sobre conceptos, definicións, unidades estatísticas, clasificacións, nomenclaturas e códigos para a clasificación dos datos e a presentación de resultados; a investigación, desenvolvemento, perfeccionamento e aplicación da metodoloxía estatística, no marco do Plan nacional de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico, ben como o apoio e a asistencia técnica aos servizos estatísticos dos departamentos ministeriais e dos organismos autónomos e demais entidades públicas na utilización desta metodoloxía; a formación de directores para as estatísticas cuxa execución lle corresponda; a coordinación e mantemento, en colaboración cos servizos estatísticos dos departamentos ministeriais, de rexistros e directores de empresas e establecementos, de edificios, locais e vivendas, e calquera outro que se determinar, como marco para a realización das estatísticas para fins estatais; o perfeccionamento profesional do seu persoal e o do resto dos servizos estatísticos da AXE.

No relativo ao principio de *redución da carga de resposta das unidades informantes*, a LFEF determina que, para o garantir, se observará o criterio de correspondencia entre a contía da información que se solicita e os resultados do seu tratamento se pretende obter. Para isto, cando os servizos estatísticos soliciten datos, proporcionarán aos interesados información suficiente sobre a natureza, características e finalidade da estatística, e serán advertidos, ademais, de se é ou non obrigatoria a colaboración e da protección que lles dispensa o segredo estatístico. Tamén precisa que os servizos

ANEXO I

Liñas estratéxicas para o período 2009-2012

1. Introducción

Segundo establece a Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública (LFEF), o Plan Estatístico Nacional é o principal instrumento ordenador da *actividade estatística para fins estatais* producida polo Instituto Nacional de Estatística (INE) e os servizos estatísticos dos ministerios, do Banco de España (BE) e do Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPX).

O Plan Estatístico Nacional garante a subministración ao Estado, á Unión Europea, ás institucións e aos usuarios da información estatística necesaria para o seguimento e avaliación das políticas aplicadas, aos niveis xeográficos adecuados, coa puntualidade precisa e de acordo con calendarios de difusión previamente anunciados.

A produción estatística incluída no plan presupón a existencia dunha infraestrutura estatística pública consolidada, cuxa peza máis importante é o INE pero que conta tamén con unidades estatísticas nos ministerios, o BE e o CXPX, algunhas moi potentes. O plan contribuíu a consolidar estas unidades ao facer público o seu labor estatístico, en moitos casos oculto por outras funcións máis próximas ás competencias propias dos departamentos ministeriais.

O plan establece o núcleo de estatísticas esenciais que se fan obrigatoriamente e garante, pola súa vez, a súa continuidade no tempo. A súa realización está asegurada ao ter a consideración de *estatísticas para fins estatais* e, por tanto, non suxeita a tensións sectoriais ou avatares políticos. A obrigatiedade afecta tanto os informantes, que deben facilitar os datos primarios para a súa obtención, como a Administración, que as debe realizar por medio das unidades orgánicas que as teñen encomendadas. Ademais, o plan determina e fai público o orzamento asignado á actividade estatística asegurando a súa estabilidade futura.

2. Principios xerais que regulan a produción estatística para fins estatais

Toda a produción estatística para fins estatais, a incluída no Plan Estatístico Nacional e os servizos estatísticos da Administración xeral do Estado (AXE) que a realizan están suxeitos aos principios emanados do disposto na Lei da función estatística pública que regula a función estatística para fins estatais. Así mesmo, a actividade estatística para fins estatais e os servizos estatísticos da AXE que a realizan deberán ter en conta os principios establecidos no *Código de boas prácticas das estatísticas europeas*, instrumento autorregulador que contén normas para as autoridades estatísticas dos Estados membros e da Comunidade e constitúe unha nova garantía para o bo funcionamento do sistema estatístico europeo e a elaboración de estatísticas fiables e de gran calidade.

Aínda que o *Código de boas prácticas das estatísticas*¹ se formulou só para as estatísticas europeas, o Plan Estatístico Nacional 2009-2012 adoptouno como propio e asumiu o compromiso firme de implantalo en toda a produción estatística nel incluída e nos servizos estatísticos da AXE que a realizan.

Entre estes principios cabe destacar os de independencia profesional, mandato de recolla de datos, segredo estatístico, imparcialidade e obxectividade, metodoloxía sólida e redución da carga de resposta dos informantes.

Así, para asegurar a *independencia profesional* dos servizos estatísticos da AXE na produción de estatísticas, na LFEF garátese que o INE e os servizos estatísticos propios dos ministerios e entida-

¹ COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO E AO CONSELLO relativa á independencia, á integridade e á responsabilidade das autoridades estatísticas dos Estados membros e da Comunidade. RECOMENDACIÓN DA COMISIÓN relativa á independencia, á integridade e á responsabilidade das autoridades estatísticas dos Estados membros e da Comunidade. COM (2005) 217 final.

Para seguir esta recomendación de fomentar a confianza no sistema estatístico público, que como o propio CSE reconece é un esteo básico deste plan, prevense as seguintes actuacións.

4.1. COORDINACIÓN DA ACTIVIDADE ESTADÍSTICA DESENVOLVIDA POR TODOS OS AXENTES PÚBLICOS

A gran cantidade de servizos públicos que realizan estadísticas tanto no ámbito nacional como nos ámbitos autonómico e local, unido á produción sectorial propia dentro de cada un destes ámbitos, fai imprescindible a súa coordinación na procura dun produto de calidade. Por este motivo, no cuadrenio 2009-2012 váise incidir na coordinación estatística entre os diferentes axentes públicos e especialmente entre os servizos estatísticos da Administración xeral do Estado e os órganos centrais de estadística das comunidades autónomas.

As actuacións estratéxicas previstas son:

- O establecemento de protocolos de actuación para o tratamento estatístico dos ficheiros administrativos e a coordinación de actuacións entre departamentos estatísticos e administrativos.
- A elaboración de protocolos de actuación para as estadísticas sectoriais realizadas en colaboración entre departamentos ministeriais e consellerías das comunidades e cidades autónomas, que garantan aos institutos de estadística autonómicos a adecuada información desde a xestión do proxecto e que determinen os aspectos relativos á subsidiariedade.
- O acordo sobre protocolos de actuación para estadísticas en confluencia de intereses estatal e autonómico, que establezan procedementos de coordinación nas xa implantadas e nas de nova creación susceptibles de estar nesta situación.
- A avaliación do conxunto de operacións estatísticas de cada sector para a delimitación de áreas de mellora en calquera proceso de cada unha delas, posibles redundancias entre elas e identificación de lagoas de información estatística no sector.
- A elaboración dun sistema normalizado de compoñentes metodolóxicos: conceptos e definicións homoxeneizados, nomenclaturas e codificacións comúns, modelos estandarizados de preguntas e de obtención e presentación de variables derivadas estándar (nacionalidade, relación co mercado laboral, idade e tramos, nivel de formación, etc.).
- A implantación da clasificación NACE Rev. 2 e da súa versión española CNAE-2009 en todas as estadísticas afectadas.

4.2. CONFIDENCIALIDADE ESTADÍSTICA

Un dos compoñentes da calidade, que se destaca pola súa relevancia, é a confidencialidade estatística. Para o período 2009-2012 preténdese lograr que os servizos estatísticos analicen os diferentes aspectos deste tema, se conciban as medidas de protección necesarias durante o deseño do traballo aínda que a súa aplicación se leve a cabo durante a execución de cada unha das fases, se desenvolvan as ferramentas para o seu control e se realicen tarefas de supervisión.

Como actuacións concretas para este período propóñense:

- O establecemento dunha base de datos das unidades estatísticas que cumpran os requisitos establecidos na LFEP sobre protección de datos: a) que os servizos que reciban os datos desenvolvan funcións fundamentalmente estatísticas e fosen regulados como tales antes de os datos seren cedidos; b) que o destino dos datos sexa precisamente a elaboración das estadísticas que eses servizos teñan encomendadas; c) que os servizos destinatarios da información dispoñan dos medios necesarios para preservar o segredo estatístico.

estadísticos estatais e autonómicos establecerán as fórmulas de cooperación que en cada momento poidan resultar máis idóneas para aproveitar ao máximo as informacións dispoñibles e evitar a duplicación innecesaria das operacións de recolla de datos ou calquera outra.

3. Obxectivos estratéxicos do Plan Estatístico Nacional 2009-2012

O primeiro plan estatístico nacional foi o correspondente ao cuadrenio 1993-1997, téndose aprobado sen interrupción tres plans máis, o último dos cales, o actualmente vixente, é o referido a 2005-2008.

Desde o ano 1993, en que se aprobou o primeiro plan estatístico nacional, as unidades produtoras de estadísticas para fins estatais percorreron un longo camiño no referente ao aumento e mellora do coñecemento da función estatística na sociedade, ben como no incremento da presenza da estadística española en organismos e foros internacionais; ao incremento da confianza social na integridade e validez dos resultados estatísticos; á mellora en todos os seus aspectos da calidade da produción de estadísticas; á orientación da súa actuación ás necesidades dos usuarios; á redución ao máximo das molestias aos informantes, entre cuxos instrumentos se encontra a utilización de fontes administrativas; ao fomento da investigación en metodoloxía e técnicas estatísticas, con especial atención na súa incidencia na produción estatística; á coordinación dos servizos estatísticos da Administración xeral do Estado e a cooperación entre os servizos estatísticos estatais, autonómicos e locais, baixo o obxectivo de optimización da produción estatística, e á potenciación do seu capital humano.

Isto implicou producir estadísticas adecuadas, fiables e consistentes, ao menor custo posible para os informantes, de acordo coas necesidades dos usuarios, co establecido no programa estatístico comunitario² e co acordado cos organismos internacionais; difundir os resultados simultaneamente a todos os usuarios en prazos oportunos e segundo calendarios preestablecidos, e fomentar a correcta utilización desas estadísticas por parte dos usuarios.

O Plan Estatístico Nacional 2009-2012, mantendo estas grandes liñas de actuación e a produción estatística actual, terá como obxectivos estratéxicos:

- O fomento da confianza no sistema estatístico público.
- A determinación da poboación como variable estratéxica do proceso estatístico.
- A adecuación das estadísticas á perspectiva de xénero.
- A satisfacción dos novos requirimentos estatísticos necesarios para a determinación, o seguimento e avaliación das actuacións dos diferentes axentes públicos e privados, nacionais e da Unión Europea.
- A modernización da actividade estatística mediante o uso das tecnoloxías de información e comunicación.

Nas epígrafes seguintes, estes obxectivos desenvólvense en accións estratéxicas concretas cuxa realización está condicionada á dispoñibilidade de recursos para a súa execución.

4. Fomento da confianza no sistema estatístico público

Como indica o Consello Superior de Estadística (CSE) nas súas *Recomendacións para o Plan Estatístico Nacional 2009-2012: É imprescindible fomentar a confianza no sistema estatístico mediante un coitado escrupuloso, non só do cumprimento substantivo das leis e regulamentos, senón tamén da inaxe que poida chegar aos cidadáns de todas aquelas cuestións que os poidan levar a dúbida dese cumprimento.*

² Decisión nº 1578/2007/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2007, relativa ao Programa estatístico comunitario 2008-2012.

támén en relación con outras estatísticas ao constituir o marco poboacional para todas as enquisas de fogares, ser imprescindible para o cálculo de indicadores demográficos e servir de referente á Contabilidade Nacional. A súa especial importancia, xunto coas dificultades para a súa cuantificación como consecuencia do forte proceso inmigratorio dos últimos anos, fai desta variable o obxecto dun dos programas estratéxicos do Plan Estatístico Nacional 2009-2012. Ademais, ao afectar a produción estatística de toda a Administración nos seus distintos ámbitos estatal, autonómico e local, faise necesaria a participación e colaboración de todos os servizos estatísticos implicados.

5.1. CENSOS DE POBOACIÓN E VIVENDAS 2011

O obxectivo fundamental dos censos é contribuir o máximo posible á precisión das estimacións de poboación que se deben usar para efectos estatísticos e demográficos e mellorar a relación entre censos e padrón para que as cifras administrativas padronais e as cifras estatísticas sexan o máis parecidas posible, ben como estimar o parque de vivendas.

O tipo de censo preseleccionado para 2011 será similar ao de 2001, é dicir unha combinación de rexistros administrativos e unha recolla exhaustiva sobre o terreo, pero fortalecendo especialmente os dous aspectos seguintes: un maior e mellor apoio na información de rexistros administrativos, e unha reformulación dos métodos de recolla para que se adapten mellor ás novas tecnoloxías dispoñibles e aos novos hábitos dos fogares españois (maior mobilidade, dificultade crecente para contactar presencialmente con eles, etc.).

As accións estratéxicas propostas son:

- O aproveitamento dos avances tecnolóxicos para mellorar a eficiencia da operación censual, modernizar a súa imaxe e conseguir unha recolla censual máis barata e máis precisa.
- A contención do custo da operación censual, xa sexa en termos absolutos ou, ao menos, en relación custo / beneficio.
- A redución dos elementos de risco derivados da enorme complexidade lóxística dun censo; en particular, intentar reducir o número necesario de axentes.
- O logro dun marco de colaboración adecuado en materia censual cos institutos autonómicos de estatística e os concellos.
- A posibilidade de usar datos catastrais, ou doutros rexistros administrativos, xa sexa en substitución de variables censuais obtidas directamente, xa sexa como apoio para mellorar a súa precisión ou para preguntalas só cando sexa imprescindible.
- A relación entre os datos de 2011 e os de 2001 de todas as persoas presentes en ambos os momentos censuais, para mellorar a depuración e imputación de erros e datos que faltan en 2011.
- O mellor aproveitamento dos desenvolvementos cartográficos, tanto na fase de recolla como na difusión.
- O aproveitamento da información previa, acumulada no Estudo Demográfico Lonxitudinal para optimizar o contido censual e a súa calidade; en particular, obter datos lonxitudinais, de fluxos, ademais dos transversais.
- A estimación precisa do número de vivendas e as súas características máis básicas (se son principais ou non, se son secundarias ou baleras, o réxime de tenza,...).
- A redución aínda máis do desfase entre a data de referencia dos datos e a data de difusión dos resultados.
- A difusión con técnicas de almacenamento de datos (*datawarehouse*) polas súas vantaxes de inmediatez, gratuidade e flexibilidade, confirmadas amplamente na difusión censual de 2001, como eixe principal da difusión.

- A determinación da posición do sistema estatístico ante a demanda de máis datos e menos anonimizados para tarefas de investigación, aprobación das disposicións legais que isto implique e desenvolvemento de protocolos de actuación.

- O desenvolvemento das ferramentas para afrontar calquera dos escenarios que se establezan na cesión de microdatos individuais: desenvolvemento e implantación de ferramentas software de anonimización, normas de difusión, ambientes seguros de traballo dentro do INE para os investigadores, accesos remotos.

- O incremento das medidas de seguranza nos procesos de enlace de rexistros administrativos entre si e con enquisas estatísticas, como o Estudo Demográfico Lonxitudinal, ben como no almacenamento e acceso á información resultante, para evitar roturas da confidencialidade.

- O inicio dun proxecto de traballo de colaboración en confidencialidade consistente nun espazo onde diversos usuarios debidamente acreditados poidan dispor de información e consultala, ben como debater sobre as dúbidas de confidencialidade suscitadas nos últimos anos e a súa resolución oficial (resposta da Axencia de Protección de Datos, resposta da Avogacía do Estado, resposta do INE, actuación común neses casos, etc.)

4.3. DOTACIÓN ADECUADA DE MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS

Conviría potenciar e acelerar os procesos en marcha de reforzo da organización da estatística pública, tanto no INE como nos departamentos ministeriais, actuación básica preliminar para conseguir unha adecuada implantación do resto das medidas propostas.

Como accións estratéxicas propóñense:

- O aumento proporcional dos recursos, sobre todo de capital humano, do sistema estatístico que se corresponda co incremento das necesidades de medición estatística, especialmente naquelas áreas máis deficitarias.
- A xestión dunha oferta pública de emprego anual do corpo superior e do corpo técnico de estatísticos do Estado máis ambiciosa e realista, que teña en conta conxuntamente as necesidades do INE e dos ministerios e que preveña os posibles fluxos de persoal especializado entre organismos.
- O establecemento ou reforzo dunha unidade centralizada de estatística (UCE) en cada ministerio, con amplas competencias en coordinación estatística e co rango adecuado para empregar estas funcións.
- O establecemento ou reforzo dunha comisión ministerial de estatística (CME) en cada departamento.
- A adecuación dos cadros de persoal estatístico dos ministerios ás súas necesidades efectivas.
- A reestruturação e reforzo da estrutura orgánica do INE para que poida realizar eficientemente os traballos de coordinación e harmonización da produción estatística e a implantación do *Código de boas prácticas nas estatísticas*, concentrados nunha única unidade co rango e os medios suficientes para o seu adecuado desenvolvemento operativo.
- A proposta ao Ministerio de Economía e Facenda para que o *Programa orzamentario 923 c Elaboración e Difusión Estatística*, que agora emprega exclusivamente o INE, o poidan utilizar os ministerios na elaboración dos seus orzamentos.

5. Determinación da poboación como variable estratéxica do proceso estatístico

Ao longo da historia da estatística a poboación revelouuse como unha das variables máis básicas do sistema estatístico. A cifra de poboación total é esencial non só polo seu valor intrínseco senón

seu tratamento mediante técnicas de recoñecemento óptico de caracteres e, desta forma, acurtar os prazos en dispoñibilidade dos datos anuais.

Como accións estratéxicas propóñense:

- A posta a punto dos tratamentos para a lectura óptica dos novos boletíns estatísticos de partos, matrimonios e defuncións. Nos programas informáticos que se deseñen prestarase especial atención a que sexa posible a posterior incorporación desta información ao *Estudo demográfico lonxitudinal*.
- A continuación da cooperación coa Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado a fin de posibilitar que a informatización dos rexistros civís permita extraer os datos necesarios para actualizar os distintos rexistros administrativos. Conforme estea dispoñible esta informatización, iranse axustando os boletíns estatísticos para que non haxa que recoller os datos rexistrados (os comúns ás inscricións do Rexistro civil).

5.4. PROXECCIONS DE POBOACIÓN

As proxeccións de poboación desenvolveranse nun contexto de máxima colaboración institucional e técnica, mediante metodoloxías amplamente consensuadas, baseadas en análises profundas e rigorosas da evolución recente.

Un dos aspectos fundamentais nestes desenvolvementos é a elaboración permanente de análises e avaliación das diferenzas observadas entre os resultados das proxeccións a distinto prazo e as informacións sobre nacementos, defuncións e migracións obtidas das diversas fontes estatísticas. Neste senso, a elaboración dun sistema de indicadores que aproveiten a información recente e permitan un seguimento de indicadores, xeralmente con carácter mensual, aparece como un elemento informativo básico e unha ferramenta de primeira orde para os usuarios.

As actuacións previstas son:

- A difusión dunha nova serie de proxeccións de poboación a longo prazo (a 50-70 anos) que substitúa as actuais, realizada tendo en conta o novo exercicio de proxeccións demográficas do Eurostat.
- A actualización trienal das proxeccións a longo prazo que intentará abordar un achegamento para a desagregación proxección de algunhas subpoboacións (por nacionalidade ou lugar de nacemento), ben como a disposición de algunhas magnitudes complementarias como o número de fogares ou outras que se consideren.
- A publicación regular das *Estimacións da poboación actual* (o que na maioría dos contextos internacionais se denomina *now cast*), que facilita a cifra corrente de poboación necesaria para as enquisas a persoas e fogares, para a contabilidade nacional e para todo tipo de indicadores demográficos. Esta estatística producirá polo menos cifras dos stocks poboacionais por idade e sexo a 1 de xaneiro e a 1 de xullo de cada ano, a partir da información mellor e máis actualizada de que se dispoña en cada momento.
- O desenvolvemento dunha operación estatística proxección para determinar anualmente o horizonte demográfico a curto prazo (4-5 anos), que se poida aproveitar no contexto da elaboración de horizontes macroeconómicos a curto prazo da economía española.

5.5. POBOACIÓN MIGRANTE

No ámbito das estatísticas de migración en xeral e de migración internacional en particular vanse requirir bastantes desenvolvementos e resultados. Neste ámbito, a explotación das numerosas fontes administrativas de forma regular e aproveitando toda a súa riqueza e informacións aparece como un obxectivo fundamental.

- A análise da viabilidade e a implementación, se for o caso, da xeorreferenciación de todas as entradas aos edificios, mesmo en núcleos pequenos e diseminados, o que permitirá a difusión censual cunha compoñente cartográfica moito máis sólida que en 2001, e con capacidades GIS.

- A actualización, completación e xeorreferenciación dos directorios territoriais para que poidan ser aceptados como referencia no ámbito das administracións públicas, en coordinación co proxecto Avanza Local Padrón mencionado na seguinte epígrafe, a 5.2, un de cuxos obxectivos será manter ese directorio permanentemente actualizado.

5.2. PADRÓN CONTINUO

A prioridade e principal obxectivo para o cuadrinio 2009-2012, desde o punto de vista da función de coordinación dos padróns municipais que ten atribuída o INE, será a implantación, posta en marcha e consolidación do proxecto *Avanza Local Padrón. Proxecto de sistema integrado de xestión de habitantes para o soporte á xestión do padrón continuo*. Este proxecto, ademais de proporcionar unha ferramenta de xestión do padrón aos concellos, está destinado a ser o sistema futuro de xestión da base integrada de poboación formada con todos os padróns municipais, coordinada polo INE.

Como accións estratéxicas propóñense:

- A disposición dunha base de poboación máis actualizada, xa que as variacións producidas nos padróns municipais pasarán de se comunicar en ficheiros mensuais a remitirse pola Internet mediante transaccións XML, permitindo actualizacións en liña.
- O apoio á xestión mediante unha ferramenta para que os concellos dispoñan das imaxes dos documentos en que se basea, consultable en liña, para os expedientes que o requiran, e desta forma mellorar o control das actualizacións que se realicen.
- A obtención dunha base nacional do territorio cun índice de rúas común INE-concellos, enlazado co catastro e, por tanto, xeorreferenciado, e un directorio de vivendas.
- A mellora dos sistemas de identificación e referencia unívoca das persoas e normalización dos seus datos básicos (nomes, apelidos e enderezos postais).
- A explotación estatística da base de poboación e as súas limitadas, pero básicas, variables de interese estatístico, tanto de stock de poboación como de fluxos, cunha frecuencia unicamente supevitada á conveniencia de consolidar a información a unha data dada e o debido trámite de audiencia aos concellos antes de publicar as cifras de poboación do seu municipio.
- O establecemento dos mecanismos, de forma coordinada cos concellos, para realizar revisións periódicas do axuste dos padróns á realidade, en concreto de colectivos como o de estranxeiros comunitarios e asimilados aos cales non se lles exige renovar a súa inscrición padronal cada dous anos.
- A revisión da cobertura padronal dos estranxeiros, para captar os residentes non incorporados ou para actualizar o lugar da súa residencia habitual.
- A utilización do Censo de Poboación 2011 como apoio á base integrada de poboación e para contrastala coa realidade.

5.3. ESTADÍSTICAS DO MOVEMENTO NATURAL DA POBOACIÓN

O obxectivo principal será axustar todas as fases das estatísticas do movemento natural da poboación aos boletíns estatísticos, tanto de partos como de matrimonios e de defuncións adecuados ao

As actuacións previstas son:

- A integración das diversas fontes administrativas (análise das diferenzas entre as fontes, avaliación da súa cobertura e calidade) e a mellora da coherencia do conxunto do sistema de informacións. O Estudo Demográfico Lonxitudinal é o proxecto onde se vai integrar toda esta información.
- A inclusión en todas as enquisas demográficas das variables de nacionalidade e lugar de nacemento das persoas e, na medida do posible, dos seus proxenitores.
- O aproveitamento regular das informacións de autorizacións de residencia, traballo e estudo, mediante a colaboración entre o Ministerio de Traballo e Inmigración, o Ministerio de Administracións Públicas e o Ministerio do Interior, sendo ademais un requisito da normativa europea.
- A explotación regular dos rexistros administrativos de seguranza social e tributarios, sanitarios, sobre estudos en curso, terminados e titulacións.
- A maior dispoñibilidade de información sobre nacionalizacións.
- A elaboración cíclica dunha operación mostral sobre as características demográficas, sociais, educativas e laborais dos inmigrantes, tendo en conta o seu papel chave para avaliar o proceso de integración na sociedade española e de creación de cidadanía.

5.6. ESTUDO DEMOGRÁFICO LONXITUDINAL

O *Estudo demográfico lonxitudinal* constitúese como base dun sistema integrado de información sociodemográfica. Trátase dun novo e ambicioso proxecto, cuxos resultados se notarán sobre todo a medio e longo prazo pero que tamén vai ter unha aplicación inmediata: acumular de maneira integrada toda a información previa, xa sexa de carácter administrativo (padrón, catastro, etc.) ou de natureza estatística (censos de 2001), que sexa útil para a operación censal de 2011. A súa esencia consiste en ir acumulando datos lonxitudinais sobre as mesmas persoas e fogares, utilizando o padrón continuo como pivote.

Os seus principais obxectivos son: fornecer información demográfica de tipo lonxitudinal; ofrecer un instrumento de coordinación e harmonización das distintas fontes demográficas; ofrecer un marco mostral óptimo para as enquisas dirixidas a fogares ou persoas, e crear a infraestrutura necesaria para o deseño e elaboración da operación estatística dos censos demográficos de 2011 e sucesivos.

As accións estratéxicas previstas son:

- A análise das fontes administrativas dispoñibles nos seus distintos aspectos: actualización, cobertura, harmonización dos conceptos e clasificacións utilizadas, viabilidade de acceso nos seus aspectos legais, técnicos e temporais.
- O mantemento dun "Rexistro estatístico" de poboación descentralizado, coordinado e actualizado dunha maneira continua, acumulando información lonxitudinal sobre todas as persoas, fogares, vivendas, etc., utilizando o padrón continuo como pivote e mediante a progresiva incorporación harmonizada de ficheiros administrativos.
- A análise da información interrelacionada e elaboración de estudos lonxitudinais sobre aspectos educativos, laborais ou migratorios da poboación residente en España.

6. A adecuación das estatísticas á perspectiva de xénero

Tal e como se establece na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, no seu artigo 20. Adecuación das estatísticas e estudos, e co alfo de facer efectivas as disposicións contidas nesta lei e que se garante a integración de modo efectivo da perspectiva

tiva de xénero na súa actividade ordinaria, os poderes públicos, na elaboración dos seus estudos e estatísticas, deberán:

- a) Incluír sistematicamente a variable de sexo nas estatísticas, enquisas e recolla de datos que leven a cabo.
- b) Establecer e incluír nas operacións estatísticas novos indicadores que posibiliten un mellor coñecemento das diferenzas nos valores, roles, situacións, condicións, aspiracións e necesidades de mulleres e homes, a súa manifestación e interacción na realidade que se vai analizar.
- c) Diseñar e introducir os indicadores e mecanismos necesarios que permitan o coñecemento da incidencia doutras variables cuxa concorrencia resulta xeradora de situacións de discriminación múltiple nos diferentes ámbitos de intervención.
- d) Realizar mostras o suficientemente amplias como para que as diversas variables incluídas poidan ser explotadas e analizadas en función da variable de sexo.
- e) Explotar os datos de que dispoñen de modo que se poidan coñecer as diferentes situacións, condicións, aspiracións e necesidades de mulleres e homes nos diferentes ámbitos de intervención.
- f) Revisar e, se for o caso, adecuar as definicións estatísticas existentes con obxecto de contribuir ao recoñecemento e valoración do traballo das mulleres e evitar a estereotipación negativa de determinados colectivos de mulleres.

Só excepcionalmente, e mediante informe motivado e aprobado polo órgano competente, se poderá xustificarse o incumprimento dalgunha das obrigas anteriormente especificadas.

7. Satisfacción dos novos requirimentos estatísticos necesarios para a determinación, o seguimento e avaliación das actuacións dos diferentes axentes públicos e privados, nacionais e da Unión Europea

O Plan Estatístico Nacional 2009-2012 debe asegurar tamén a nova produción estatística requirida pola Unión Europea para o cumprimento das súas políticas e plans de actuación nese período, para cuxo desenvolvemento e seguimento se precisa un aumento substancial na dispoñibilidade e calidade das estatísticas sobre estas materias, e as necesidades específicas dos usuarios nacionais.

7.1. ESTADÍSTICAS MACROECONÓMICAS INFRAANUAIS (INDICADORES DE CURTO PRAZO)

O plan de acción da Unión Monetaria Europea (UME), presentado ao Consello de Asuntos Económicos e Financeiros (Consello ECOFIN) en setembro de 2000, supuxo un gran paso para a mellora das estatísticas macroeconómicas infraanuais da UE/zona do euro. O plan de acción da UME exige que os Estados membros aceleren a produción das series de datos nacionais para que a Comisión produza e publique os Principais Indicadores Económicos Europeos (PIEE), mensuais e trimestrais e dispoñibles primeiro para Europa, cunha puntualidade e calidade que os converta en referencia a escala mundial. Cada Estado membro debe transmitir os datos que contribúen aos diferentes PIEE xunto cunha avaliación cuantitativa, os metadatos precisos (fontes, métodos e fórmulas), e as explicacións adecuadas que permitan facer revisións de grande envergadura. Actualmente, o plan de acción da UME abrangue as contas nacionais trimestrais, as contas trimestrais da Administración pública, as estatísticas dos mercados de traballo, as estatísticas conxuntivas das empresas e as estatísticas sobre comercio exterior.

A) As accións que se proponen para os *indicadores conxuntivos industriais e da construción* son:

- A adaptación dos *índices de produción industrial e índices de prezos industriais* á nova clasificación de actividades económicas NACE Rev. 2 e enlace e reconstrución das series coa nova clasificación.
- A adaptación dos *índices de cifras de negocios e índices de entradas de pedidos* á NACE Rev. 2, publicación dos primeiros índices en base 2005 coa nova clasificación e realización do *back-casting* para a obtención de series retrospectivas. Obtención simultánea dos índices coa antiga

- D) Ao longo do período 2009-2012 está previsto nos índices de prezos de consumo:
- O cambio de base do *índice de prezos de consumo* no ano 2011, cumprindo coa metodoloxía deste indicador, que prevé un cambio de base cada cinco anos. Anualmente se actualizarán as ponderacións coa información facilitada pola *enquisa de orzamentos familiares*.
 - A continuación do proceso de harmonización do *índice de prezos de consumo harmonizado (IPCA)* da Unión Europea, abordando aspectos metodolóxicos esenciais para alcanzar a plena comparabilidade, como o tratamento harmonizado dos cambios de calidade.
- E) Nas estatísticas de *comercio exterior e intercambios de bens entre Estados membros da Unión Europea* aplicaranse medidas de simplificación para reducir a carga administrativa e burocrática das empresas, focalizando as medidas cara á mediana e pequena empresa, de acordo coas recomendacións seguidas polo Consello ECOFIN con relación ao sistema IntraStat.

7.2. ESTADÍSTICAS DO MERCADO LABORAL

As melloras nas estatísticas do mercado laboral terán en conta a revisión da estratexia de Lisboa agora enfocada no crecemento e o emprego en Europa, os obxectivos e contrastes que se establezan no marco da estratexia europea para o emprego, e a unión económica e monetaria, que precisa dun conxunto completo de estatísticas infraanuais para describir a evolución do mercado de traballo na zona euro e na Unión Europea.

- A) Para a *Enquisa de poboación activa* as accións que se van realizar neste período son:
